



DEPORTE
GALEGO

OPEN SALMÓNIDOS LANCE VETERANOS COUTO DE LÁNCARA, RÍO NEIRA.

22 DE XUÑO DO 2024

PROGRAMA

07:30 horas		Chegada dos participantes ao escenario da proba. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
08:30	“	Inicio da 1ª manga
10:30	“	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
11:15	“	Inicio segunda fase
13:15	“	Fin da 1ª manga.

PAUSA

15:00	“	Inicio da 2ª manga
17:00	“	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
17:45	“	Inicio segunda fase
19:45	“	Fin da competición
20:00 a 20:15		Entrega de plicas

Publicación da clasificación e entrega de trofeos.

BASES

O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ao control, deberá facer uso dun redello ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.

A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas aos seus respectivos tramos. Os postos marcaranse no sentido da corrente (augas abaixo).

A reunión do Pescador co Control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.



DEPORTE
GALEGO

Material permitido:

Canas: De uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).

Carretes: De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.

Sedelas: Exclusivamente de monofiamento nos seus diferentes tipos e grosos.

Cebos: Culleriñas e moscas artificiais

Culleriñas: xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.

Moscas: un máximo de tres moscas artificiais co uso da boia ou buldó (fitos na sedela ou baixo de liña). A distancia entre elas é discrecional. Poderán ser secas, afogas ou lastradas. As lastradas, sempre e cando o lastre quede oculto polo revestimento, que debe imitar algunha parte morfolóxica, ou formar parte da súa propia estrutura. O revestimento por pintura non se considera como tal. Poderán ter unha única perla ou boliña visible no anzol. A dimensión máxima desa perla ou boliña non pode exceder dos 4 mm.

Anzois: tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha á retirada do anzol.

Non se permite:

Utilizar boias ou buldos corredizos sobre a sedela ou baixo de liña. Terán que estar anoados á mesma, sen posibilidade algunha de deslizarse nin de afundirse. En acción de pesca a boia ou buldo debe estar sempre visible sobre a auga, nunca baixo a auga.

Ao longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun pescador.

Serán válidas tódalas capturas. As pezas que medidas dende a punta do fociño ata a punta do rabo teñan 16 ou menos centímetros, contarán todas coma de 16. As capturas que midan máis de 16 cm e non superen os 17 computarán coma de 17 cm. Os exemplares que superen os 17 cm, sen ter máis de 18, puntuarán coma de 18. E así sucesivamente.

O deportista que abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.

Para calquera outra norma non descrita nestas bases aterémonos ao fue resuelva o xuíz da competición ou o Comité da Proba.



DEPORTE
GALEGO

Data linde da inscrición o 14 de xuño do 2024 ás 14,00 horas. As inscricións, axuntando o xustificante do ingreso na conta da FGPeC (20.- €), cómpre que os clubs as fagan exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Os deportistas participantes, e os clubs polos que compitan, deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

Na última manga do día tanto o deportista que pesque un tramo coma o deportista que o controle, serán responsables de recoller cintas e indicador do tramo. O que pesque ou controle o tramo un, serán responsables da retirada das cintas e indicadores de fin de tramos. Os que pesquen ou controlen o dous retirarán o un. Os que pesquen ou controlen o tres retirarán o dous. E así sucesivamente ata o último tramo, que deberán retirar cintas e indicador do seu tramo e do tramo inmediatamente superior. O material recollido debe ser entregado á organización xunto coas plicas. A quen incumpra esta obriga poráselle un cero nesa manga, tanto ao pescador coma ao control.

Os deportistas terán un prazo de 30 minutos, a contar dende o remate da quenda de pesca, para enviar foto da plica ao número de teléfono que se lles indicará no momento do sorteo. Esgotado ese prazo sen recibir novas da plica, nesa quenda o deportista interesado puntuará cero.

No tempo que os deportistas estean pescando ou controlando, non poderá acceder aos tramos ningunha outra persoa, teña ou non relación con eles, agás o xuíz e os membros da organización. Se algún dos dous (deportista ou control) se decatase da presenza de terceiras persoas no tramo de pesca, deberán facelo constar na plica como incidencia. De non facelo así e a organización ter probas fidedignas de que houbo outras persoas no tramo mentres se desenvolvía a manga, quedarán fóra da clasificación desa proba tanto o deportista coma o control.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma

Para que esta competición se desenvolva deberá de haber unha participación mínima de 12 deportistas

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

Asinado: D. Juan Ramiro Agra Requeijo
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC